



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional**

Modelo MD85ORI05

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Curso: 2024 - 2025

CIFP: FONTECARMOA

Índice

1	Xustificación baseada no contexto.....	3
2	Identificación e valoración das necesidades.....	6
3	Determinación dos obxectivos.....	7
4	Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade.....	7
5	Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas.....	10
6	Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.....	11
7	Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.....	12
8	Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro.....	13
9	Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	14
10	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	15

1 Xustificación baseada no contexto

1.1.-XUSTIFICACIÓN LEGAL:

A atención á diversidade é un dos principios educativos marcados na normativa vixente e así queda reflectido no **art. 121** da Lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación (**LOMLOE**): Todos os centros educativos enmarcarán os seus proxectos educativos "tendo en conta as características do entorno social, económico, natural e cultural do alumnado, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do entorno. O proxecto recollerá, a lo menos, a forma de **atención á diversidade** do alumnado, medidas relativas á acción titorial, os plans de convivencia, e deberá respectar os principios de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais". Estes principios tamén quedan recollidos no art.4 do D.229/2011 e Orde que o desenvolve).

Ademais no **art. 102** da LOMLOE recóllese: "os programas de formación permanente deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, educación inclusiva, **atención á diversidade** e organización encamiñadas á mellora da calidade da ensinanza e o funcionamento dos centros".

Segundo o disposto no **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, enténdese a diversidade como "unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na individualización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática".

Polo tanto, enténdese por **atención á diversidade** "o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidade, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado" (art.3 do D. 229/2011 e art. 3 do O. 8 setembro 2021). Será o **Plan Xeral de Atención á diversidade** (PXAD) o documento que articule o conxunto de medidas para dar resposta á diversidade do alumnado do noso centro.

Outras referencias lexislativas:

-Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 114/2010 do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional en Galicia.

-Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

-Decreto 77/2011, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos centros integrados de formación profesional.

-Orde do 29 de xullo que desenvolve o decreto anterior.

-Orde do 13 de xullo de 2015, pola que se regulan ensinanzas de formación profesional básica, acceso e admisión nestas ensinanzas.

- Resolución do 10 de xullo de 2024, na que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP para o curso 23-24.

1.2.-CONTEXTO ESPECÍFICO DO CIFP FONTECARMOA:

O CIFP "Fontecarmona" de Vilagarcía nace como sección delegada de formación profesional do Instituto Calvo Sotelo no ano 1975, pasando a ocupar as actuais instalacións en 1978 non que se constitúe como Instituto de Formación Profesional ("Fermín Bouza Brey"). Desde entón, o centro sufriu diferentes transformacións, a última no curso 2022-23, na que de ser un IES con ensinanzas de ESO, Bacharelato, FP Básica, Ciclos Medios e Superiores pasamos a ser un Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) cos cambios estruturais que isto conleva e que imparte a seguinte **oferta académica**:

FP BÁSICA:

CD1COM00100- SERVIZOS COMERCIAIS	1º curso	13
	2º curso	6
CD1ELE00100- ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA	1º curso	15
	2º curso	12
CD1INA00100- INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	1º curso	11
	2º curso	10

CICLOS GRAO MEDIO:

CD2COM000100- ACTIVIDADES COMERCIAIS	1º curso	28
	2º curso	20
CD2ELE000100- INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS	1º curso	23
	2º curso	13
CD2IMA000300 – MANTEMENTO ELECTROMECAÁNICO	1º curso	21
	2º curso	20
CD2INA000300 – ELABORACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTARIOS	1º curso	18
	2º curso	11
CD2SSC000100- ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	1º curso	24
	2º curso	20
CD2TMV000200– ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	1º curso	24
	2º curso	16
CM19001 – COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA (TIT. LOXSE)	1º curso	24
ZM19001 – COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA (TIT. LOXSE) MODULAR/PRESENCIAL	1º curso	38
ZMELEO1-INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS (DUAL)	1º curso	9
ZMFME01- MECANIZADO (DUAL)	2º curso	5

CICLOS GRAO SUPERIOR:

CD3AFD000200 – ACONDICIONAMENTO FÍSICO	1º curso	29
	2º curso	17+ 2
CD3COM000100 – TRANSPORTE E LOXÍSTICA	1º curso	9

	2º curso	26
CD3COM000200 – COMERCIO INTERNACIONAL	1º curso	22
	2º curso	26
CD3COM000300 – XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS	1º curso	14
	2º curso	16+1
CD3ELE000300 – AUTOMATIZACIÓN E ROBÓTICA INDUSTRIAL	1º curso	21
	2º curso	15
CD3IMA000300- MECATRÓNICA INDUSTRIAL	1º curso	14
	2º curso	24
ZSIMAO3-MECATRÓNICA INDUSTRIAL (DUAL)	1º curso	10
ZSCOM04- MÁRKETING E PUBLICIDADE. (MODULAR A DISTANCIA)	1º+2º curso	77
ZSCOM02- COMERCIO INTERNACIONAL (MODULAR A DISTANCIA)	1º curso	43
ZSSAN08-DOCUMENTACIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	1º curso	105
ZSSSC06- FORMACIÓN PARA A MOBILIDADE SEGURA E SUSTENTABLE. (DUAL)	2º curso	13
ZSELE04- ELECTROMEDICINA CLÍNICA (DUAL)	2º curso	9
ZSINA02- PROCESOS E CALIDADE NA INDUSTRIA ALIMENTARIA	2º curso	10

CURSO DE ESPECIALIZACIÓN:

EE3ELE005200- ROBÓTICA COLABORATIVA (PRESENCIAL)	1º curso	9
EE3COM005100- REDACCIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS PARA MÁRKETING E VENDAS (DISTANCIA)	1º curso	17

ENSINANZAS DEPORTIVAS:

CICLO INICIAL DE BALONCESTO	1º curso	27
CICLO INICIAL VELA CON APARELLO FIXO	1º curso	11

TOTAL ALUMNADO: 977

O centro ubícase no concello de Vilagarcía de Arousa, na comarca do Salnés. A principal actividade económica é a relacionada co sector servizos, seguido polo sector industrial e a construción.

En canto ao alumnado, maiormente procede da propia vila, aínda que hai un gran número deles/as que se desprazan da zona da comarca do Salnés e arredores.

Hai que sinalar que atopamos unha gran diversidade no alumnado; en canto á idade cursan estudos desde os 15 anos en adiante, xa que se acolle no centro unha oferta educativa moi ampla e variada. En consecuencia, atopámonos con diferentes intereses, motivacións e rendemento académico. Por outra banda, partindo da información aportada polo profesorado e revisións dos distintos documentos do centro, observamos aspectos psicosociais que se deben ter en conta á hora de establecer pautas de actuación, tales como a despreocupación familiar (nalgúns casos) polo seguimento educativo dos seus fillo/as, ausencia de límites e de control de horarios, nivel socioeconómico medio-baixo, desestruturación familiar, inmigración ...

Podemos sinalar a existencia de alumnado que precisa de atención ás necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) en case todas as familias profesionais.

O claustro está formado por 99 profesores/as. Este curso, a metade, aproximadamente, novo no centro xa que aumentamos a oferta formativa en diferentes réximes. Cabe dicir, que cada ano cambia un gran número de profesorado. Esta situación repercute na continuidade dos proxectos e accións programadas.

En xeral, existe unha boa implicación e coordinación docente.

O horario do centro de mañá é de 8.30 a 15.00 e, de tarde, de 15.00 a 21.30 todos os días.

2 Identificación e valoración das necesidades

Tal e como establece a normativa entendemos por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (**NEAE**) aquel que require dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socio educativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (art.6, O.8 setembro 2021).

O noso centro ofrece unha ampla oferta educativa que inclúen diferentes niveis (FP Básicas, Ciclos Medios, Ciclos Superiores) e modalidades (presencial, dual, a distancia e modular); é dicir, temos matriculado alumnado de moi diferente idade, motivacións, formación previa, intereses e condicións persoais e sociais.

Temos alumnado con algún tipo de NEAE en case todas as familias profesionais asociadas, maiormente, a TDAH, TEA, Dificultades específicas de aprendizaxe e de vulnerabilidade socio educativa e por condicións persoais ou historia escolar. Así mesmo, determinado alumnado ten asociada unha porcentaxe de discapacidade.

A identificación e valoración das necesidades de resposta á diversidade realízase a través dos ditames de escolarización, contacto e informes doutros departamentos de orientación, contacto coas familias solicitantes de FPB antes do inicio de curso, avaliacións iniciais, sesións de avaliacións e reunións de coordinación e seguimento.

A partir da identificación e detección das diferentes necesidades realizada ao longo do curso, axustarase a resposta educativa con medidas ordinarias ou extraordinarias, tendo en conta a normativa e as datas sinaladas na mesma.

3 Determinación dos obxectivos

O PXAD pretende dar resposta ao alumnado con dificultades para seguir o proceso de ensinanza/aprendizaxe, tendo en conta as súas características e tratando de adoptar estratexias e actuacións educativas adaptadas a ditas necesidades. Polo que pretendemos:

- Concretar as medidas de atención á diversidade previstas para dar resposta educativa ás necesidades do alumnado.
- Facilitar a planificación, priorización e organización dos reforzos, medidas extraordinarias e recursos materiais e persoais para axustalos ás necesidades detectadas.
- Facilitar a accesibilidade aos servizos do centro e ao currículo a todos/as os usuarios/as e ao alumnado do centro.
- Realizar o seguimento das medidas adoptadas e facer propostas de mellora.
- Desenvolver medidas e actuacións que promovan a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferencias, con especial atención á igualdade de xénero.
- Fomentar a permanencia do alumnado na ensinanza escollida, asesorando previamente sobre os ciclos máis adaptados ás súas características, tratando así de evitar o abandono escolar.

4 Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade

Principais liñas de actuación:

- A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman.
- Información sobre distintos itinerarios formativos, probas, acreditación de competencias, validacións, axudas... de toda aquela persoa que o solicite.
- Actuacións destinadas á prevención da convivencia e non discriminación:
 - Desenvolvemento do Plan de convivencia
 - Actividades ao longo do ano de actividades de mellora da convivencia e a igualdade (programa Educación Responsable).
- Información das características da oferta educativa do CIFP:
 - Elaboración de documentos informativos sobre oferta educativa dos distintos ciclos, nos seus diferentes rexímenes e modalidades.
 - Divulgación na páxina web e nas visitas realizadas doutros centros educativos e do noso propio alumnado de 2º FPB ás instalacións do centro.
- Información ao profesorado sobre atención á diversidade: unha vez identificado o alumnado NEAE a través de informes previos, entrevistas, ditames escolarización, información obtida na avaliación inicial, da enquisa inicial facilitada aos titores/as polo departamento, etc., trasladaremos información e asesoramento aos titores/as sobre as diferentes medidas de atención á diversidade e facilitaremos os protocolos elaborados pola Consellería de Educación

(protocolo TDAH, TEA, prevención risco suicida, prevención absentismo, de igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero, etc.).

- Fomento da coordinación e seguimento do alumnado NEAE, a través das reunións semanais de tutorías de FP Básica coa Orientadora e, doutras reunións mensuais das diferentes tutorías e coordinacións didácticas. Nos grupos onde haxa detectado alumnado neae será prescriptivo o seguimento de dito alumnado nas reunións mensuais e enviada a acta mensual á orientadora para facilitar o seguimento e a coordinación.

Medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:

Tal e como se pon de manifesto no artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o dito Decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade *todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado*. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- **Proxecto funcional do centro**, destacando dentro do mesmo a organización do centro que ten que facilitar a atención á diversidade para:
 - . Facilitar a integración do alumnado
 - . Favorecer a aprendizaxe do alumnado en base ás súas posibilidades.
 - . Favorecer a colaboración e a implicación de todo o profesorado do centro.
- **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- **Adecuación das programacións didácticas** ao contorno e ao alumnado.
- **Metodoloxías** baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Este curso continuamos co programa Educación Responsable que promove, entre outros, algúns destes aspectos.
- **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación**, para o alumnado NEAE que o precise.
- **Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia**. Traballárase a convivencia a través de diferentes actuacións, actividades, obradoiros, charlas promovidas polo departamento de orientación e o grupo de traballo de Educación Responsable.
- Desdobrementos de grupos, medida levada a cabo con éxito en anos anteriores pero que este ano non se puido facer por non contar con espazos dispoñibles.
- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**, tendo en conta que o RE é unha medida que afecta á secuencia de contidos, ás formas e aos instrumentos de avaliación, á organización da aula, ao agrupamento do alumnado e a todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Este ano seguimos sen ter profesorado con horario dispoñible para dar reforzos. Tampouco profesorado PROA. Terá que ser o propio profesor/a do módulo o que teña que facilitar



estes apoios ao alumnado que o precise. Contemplarase no segundo e terceiro trimestre a posibilidade de contar con profesorado de apoio que quede con dispoñibilidade horaria por ter o alumnado na FCT ou na empresa (DUAL) e poida dar apoio nos grupos de FP Básica e/ou outros grupos.

- Programas de enriquecemento curricular. Non constan este curso.
- **Programa de habilidades sociais.**
- **Actividades de recuperación dos módulos pendentes** (art.29,30 e 31 da Orde 12/07/11), destinadas ao alumnado de 1º curso que non supere todos os módulos na 3ª avaliación parcial (entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final de 1º curso), alumnado que promociona a 2º con módulos pendentes de 1º (a final de 1º curso), e para o alumnado de 2º curso que non accede a FCT en período ordinario por ter módulos pendentes (durante o período ordinario da realización da FCT). Para dito alumnado o titor/a en colaboración co equipo docente elaborará informes de avaliación individualizados.

Medidas extraordinarias:

Segundo o artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve este Decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade *todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.* Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade que estamos levando a cabo, as que seguen:

- **Flexibilización modular** do período de escolarización (art.15 da Orde do 12 de xullo de 2011). O alumnado con NEE poderá ser autorizado, cando as necesidades así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario, de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

No curso actual solicitamos autorización desta medida para 3 alumnos/as.

O procedemento para solicitar esta medida é o seguinte:

1. Unha vez comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de inspección educativa correspondente para que se emita o informe ao respecto. A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación antes do 31 de outubro:

a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación en colaboración co profesor/a que exerza a titoría.

b) Conformidade expresa da pai e da nai ou de quen dispoña a titoría legal do alumno/a, en caso de ser menos de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.

c) Fotocopia compulsada do expediente académico



d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, no seu caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

2. O servizo Territorial de Inspección Educativa remitirá toda a documentación xunto co seu informe, ao xefe/a territorial, aos que corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.

- **Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo** xa sexa a través de atención domiciliaria (como nos ten acontecido en anos anteriores) ou de atención virtual por motivos xustificadas.
- **Elaboración de informes do DIOP** para o alumnado que solicita admisión no centro e presente algún tipo de discapacidade, coa finalidade de proporcionar unha orientación específica ao alumnado e establecer a proposta razoada de escolarización en función das necesidades do alumno/a, e/o realización de **avaliacións e informes psicopedagóxicos**, segundo a normativa ao respecto.
- **Adaptacións de acceso**, o centro é accesible para as persoas con mobilidade reducida ás plantas baixas dos edificios. Pendentes da realización de obras e melloras para a adaptación das novas ensinanzas e de acceso ao currículo. Próxima construción dun ascensor no edificio principal.

5 Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas

As medidas de atención á diversidade organizaranse dentro do horario xeral do centro educativo a través do uso flexible dos recursos persoais, dos espazos e dos medios dispoñibles. A planificación concreta das mesmas e a realización das actividades de apoio e reforzo correspondentes dependerá do tipo de medida e as condicións que se establezan neste plan para aplicalas.

A aplicación, organización e distribución das medidas propostas dependerá, por tanto, en primeiro lugar da dispoñibilidade de recursos persoais (profesorado con horario suficiente nos departamentos correspondentes ou participación doutro profesorado como o do plan PROA...), de espazos adecuados e aulas libres no caso das medidas de carácter grupal, e, nalgúns casos, da posibilidade de contar con recursos materiais e medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados.

Tamén dependerá do tipo de dificultades e necesidades que se detecten ao inicio de cada curso e da valoración do tipo de medidas máis axeitadas para atendelas. No caso de propoñer medidas de carácter organizativo que supoñan a formación de grupos, dependerá de que exista un número de alumnado suficiente cun perfil apropiado para poñelas en práctica e profesorado.

Levarase a cabo unha flexibilidade organizativa na aplicación das medidas, tanto ordinarias como extraordinarias, cando se detecten novas necesidades educativas en calquera momento do curso para favorecer o acceso ao currículo de todo o alumnado mediante a organización adecuada dos elementos materiais, e dos recursos persoais e materiais do centro.

A aplicación das medidas ordinarias e, por suposto, as extraordinarias, desenvolveranse unha vez informados e/ou autorizados polas familias no caso de ser menores de idade. En calquera caso, cada medida ten o seu protocolo específico e regulado para determinar a súa aplicación a un alumno/a ou a un grupo de alumnos/as. Haberá que esgotar as medidas ordinarias antes de propor medidas

extraordinarias.

A detección de necesidades específicas de apoio educativo, pode partir de varias fontes:

- Solicitud de admisión a ciclos a través da cota de discapacidade.
- Reunións cos pais/nais/titores legais do alumnado solicitante de FPB tanto a final do curso anterior como ao inicio do curso de FPB coa orientadora, así como revisión de consellos orientadores.
- Informes de centros de procedencia do alumnado. Reunións coas orientadoras da contorna para traslado de información.
- Datos da avaliación inicial, das reunións cos equipos docentes ou da información trasladada polo propio alumnado na enquisa inicial.
- Se a detección é por parte do/a titor/a ou profesor/a, este/a deberá derivar ao alumno/a ao DIOP onde se realizará, se procede, a avaliación psicopedagóxica.
- Unha vez detectadas as necesidades asignaranse as medidas e os recursos oportunos tendo en conta as posibilidades do centro, informando ao alumnado e ás familias no caso de ser menores de idade. As medidas serán o máis ordinarias posibles e priorizarase os casos con maior dificultade.
- Asesorarase ao profesorado sobre as NEAE en cuestión e as medidas de atención á diversidade precisas en cada caso, así como sobre os distintos protocolos da Consellería.
- Levarase a cabo un seguimento do alumnado NEAE durante todo o curso para determinar a efectividade das medidas levadas a cabo.
- Estableceremos colaboración con posibles profesionais externos ao centro que traballen con dito alumnado (por ex. están contempladas reunións trimestrais con SS.SS do Concello, comunicacións frecuentes co centro CHAVEA e/ou outros centros/casas de acollida, etc).

6 Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

Os/as profesionais encargados/as de levar a cabo este Plan Xeral de Atención á diversidade son:

- **Equipo directivo:** Serán os primeiros responsables en impulsar, dinamizar e apoiar todo tipo de actuacións e medidas que fomenten a convivencia, inclusión e atención á diversidade do centro. Así como, organizar os apoios/reforzos e de xestionar os horarios dos mesmos, contando co asesoramento da orientadora do centro.
- **Orientadora:**
 - Elaborar o correspondente informe de escolarización para aqueles casos que soliciten praza pola cota de alumnado con discapacidade.
 - Realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.
 - Asesorar aos titores/as sobre as NEAE do seu alumnado así como sobre as pautas de actuación a seguir.
 - Levar a cabo o seguimento do alumnado NEAE.
 - Colaborar na detección de dificultades a través de contactos coas familias, reunións co alumnado e profesorado, solicitud de información a centros previos...
 - Colaborar no deseño e aplicación de medidas individuais de reforzo educativo.
 - Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais

externos ao centro que interveñan na atención do alumnado con NEAE.

-Solicitar o asesoramento/intervención do EOE, se procede.

-Establecerá canles de comunicación e mediación entre o equipo directivo, o profesorado, as familias e todos aqueles servizos externos cos que sexa necesario manter o contacto en beneficio do alumnado.

- Titores/as e equipo docente:

-Realizarán a avaliación inicial a comezos de curso coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada módulo ás características do alumando.

-Farán un seguimento xeral dos procesos de ensinanza-aprendizaxe para detectar dificultades e necesidade educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e/ou apoios.

-Derivacións de alumnado con necesidades ao DIOP

-O profesorado con dispoñibilidade horaria encargárase de facer os reforzos pertinentes en coordinación co profesorado de cada materia onde se leve a cabo o reforzo. Priorizarase a docencia compartida ou reforzos dentro da aula, así como a organización de grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, e todas aquelas metodoloxías activas e participativas que beneficien a todo o alumnado da aula.

-Promover un contexto de colaboración coas familias.

- Servizos Externos: nos casos en que o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro (asociacións, servizos sociais...), establecerase os contactos necesarios coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

- COORDINACIÓN INTERNA:

- A coordinación dentro do propio centro realizarase permanentemente. Nun primeiro momento a través da reunión do equipo docente para realizar a **avaliación inicial**. Esta avaliación inicial de principios de curso terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta sesión, presidida polo/a titor/a, este coas aportacións do equipo docente e máis a orientadora, de ser o caso, dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan. Dita información poderá proceder, entre outras: da enquisa inicial, dos informes individualizados de avaliación do curso anterior, dos estudos académicos ou para o emprego previos, dos informes ou ditames específicos do alumnado con discapacidade ou con NEE, da experiencia profesional previa, da observación directa do alumnado e as actividades realizadas durante as primeiras semanas de curso. O tratado na sesión de avaliación inicial e a proposta de medidas de atención á diversidade, recolleranse nunha acta, incluíndo, especialmente, aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización da duración das ensinanzas.

Ao longo do curso, nas diferentes **avaliacións trimestrais** e, a través do seguimento do alumnado plasmado nas actas de reunións mensuais, e do seu desenvolvemento e avances nas aprendizaxes, valoráranse as medidas realizando as modificacións pertinentes para dar resposta á diversidade.

A orientadora priorizará estar presente nas sesións da avaliación dos grupos da FP Básica, por tratarse de alumnado con maior problemática a todos os niveis. De ser posible, asistirá as avaliacións onde haxa alumnado con maior necesidade.

- A orientadora manterá unha **reunión semanal cos tutores/as** de cada grupo e curso do **Ciclo Básico de FP**, incluída nos horarios, para coordinar as actuacións da titoría e para realizar un seguimento do alumnado con necesidades educativas de diversa índole.
- Para asegurar un desenvolvemento adecuado das posibles actividades de reforzo e apoio é necesario establecer unha **coordinación** e seguimento especial entre o **profesorado** que impartiría estes **reforzos e o profesorado dos módulos obxecto de reforzo**, xunto coa orientadora e xefa de estudos.
- **Reunións** frecuentes con **xefatura de estudos** para analizar e solventar problemas de índole condutual, absentismo ou calquera outra relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Mensualmente haberá como mínimo unha **reunión de coordinación cos membros do DIOP**.
- Así mesmo, manterase **reunións cos tutores/as e outro profesorado** cando se precise para asesorar ou recoller información sobre a evolución de alumnado concreto así como atender ás demandas que vaian xurdindo.
 - **COORDINACIÓN COAS FAMILIAS, OUTROS CENTROS E AXENTES EXTERNOS:**
 - Desde o DIOP, establecerase unha hora semanal de atención a pais/nais (prescritivo por lei no horario) ou tutores/as legais no que estes poderán solicitar asesoramento, información, etc. Así mesmo, a orientadora
 - Informarase aos pais/nais ou tutores legais daquelas medidas de atención á diversidade nas que participe o seu fillo/a e solicitaráselle autorización cando esta sexa necesaria. Tamén se lles manterá informados da evolución do/a alumno/a con respecto ás mesmas.
 - Manterase unha estreita colaboración cos Servizos Sociais do Concello (reunión trimestral) e outras institucións da contorna, nos casos de alumnado cunha casuística socio-familiar desfavorable.
 - Solicitaremos a intervención do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra cando sexa preciso asesoramento e/ou intervención en aspectos psicopedagóxicos específicos.
 - Estableceranse contactos cos departamentos de orientación de centros de procedencia do noso alumnado, así como, cos departamentos de orientación da zona para cuestións relacionadas co intercambio de información e perfil do alumnado futuro de FP Básica, por ex.

8 Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro

As canles de colaboración tanto coas familias do alumnado menor de idade como das autorizadas polos maiores de idade serán variadas:

- Entrevistas presenciais
- Comunicacións telefónicas
- Comunicacións vía abalar
- Comunicacións vía correo electrónico
- Publicacións de informacións académico-profesionais na web do centro, RR.SS.
- Reunión coas familias da FP Básica a principio de curso.

En canto aos servizos externos (educadores, psicólogos, asociacións, universidades, etc.) os contactos serán tanto presenciais como telefónicos ou por correo electrónico e realizaranse puntualmente en función da temática a tratar.

No caso dos Servizos Sociais do Concello si temos establecido tres encontros presenciais no centro ao longo do curso. O resto das comunicacións serán telefónicas ou por correo electrónico. De ter que solicitar unha nova intervención faremos a demanda seguindo o protocolo establecido.

Ademais, trimestralmente reuniremonos no Concello coa área de igualdade e os demais representantes do resto de centros educativos de Vilagarcía para desenvolver actuacións a prol da convivencia, igualdade de xénero e en contra da violencia.

9 Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

-Informe DIOP para a admisión a ciclos de alumnado con discapacidade:

- Durante o período de admisión a ciclos a orientadora entrevistará ao futuro alumnado que presente certificación de discapacidade. No caso de ser menores de idade, na entrevista tamén estarán presentes o pai/nai/titor legal.
- Unha vez analizada a documentación e información aportada, a orientadora elaborará un informe onde se inclúa se a discapacidade en cuestión permite ou non a consecución das competencias profesionais do ciclo solicitado, xunto a unha xustificación razoada. De ser o caso, débese engadir as propostas de apoio ou adaptacións metodolóxicas pertinente e/ou proposta de flexibilización modular conveniente.
- Os informes elaborados cargaranse na aplicación "ciclos admisión" dentro do prazo establecido.
- A orientadora informará ao titor/a das características e necesidades educativas do alumnado.

-Flexibilización da duración do período de escolarización (Art. 15 da Orde do 12 de xullo 2011):

- *Solicitud e documentación:* tras a sesión de avaliación inicial a dirección do centro presentará a solicitude no servizo territorial de inspección educativa aportando a seguinte documentación:
 - ✓ Informe que xustifique a medida elaborado pola orientadora en colaboración co titor/a.
 - ✓ Conformidade expresa do pai/nai ou titor-a legal do alumno/a, no caso der menor de idade, ou a súa propia se é maior de idade.
 - ✓ Fotocopia compulsada do expediente académico.
 - ✓ Proposta da nova distribución horaria e, de ser o caso, medidas de reforzo educativo.
- *Envío a inspección educativa para a súa resolución (antes do 31 de outubro).*
- *Comunicación da resolución ao centro (10 días contados a partir da recepción).*
- *Comunicación á persoa interesada.*

-Avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico:

- Demanda de solicitude de avaliación psicopedagóxica ao DIOP a cargo do profesorado/titor-a/familia por detección de posibles dificultades do alumnado ou por ditamen escolarización.
- Autorización asinada do pai/nai/titor-a legal, no caso de alumnado menor de idade ou do propio alumno/a maior de idade, para levar a cabo a avaliación psicopedagóxica.
- Información dos resultados da avaliación ao alumnado ou á familia segundo proceda.
- Información ao equipo docente das necesidades educativas do alumnado e proposta de medidas de atención á diversidade, de ser o caso.

-Adaptacións de acceso ao currículo que supoñan provisión de recursos persoais e/ou materiais específicos:

- Avaliación e informe psicopedagóxico para determinar as necesidades educativas, contando coa colaboración do EOE se é preciso.
- Envío sa proposta de solicitude ao Servizo de Inspección.

10 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

A AVALIACIÓN deste plan será continua e realizarase a dous niveis:

-Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes medidas de atención á diversidade.

-Avaliación da concreción do PXAD.

O SEGUIMENTO realizarase ao longo do curso:

-Avaliación inicial: a revisión do plan realizarase a principios de cada curso, tomando como referencia as conclusións recollidas a final do curso anterior e, tendo en conta, as circunstancias existentes nese momento.

-Avaliación continua: ao longo do curso farase o seguimento trimestral do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios. Dito seguimento realizarase a través das reunións de coordinación dos titores e titoras dos Ciclos de Grao Básico de Formación Profesional coa orientadora e a xefa de estudos. Tamén nas reunións periódicas da orientadora co profesorado que imparte os diferentes módulos, así como tamén co profesorado que poida levar a cabo os reforzos. Por suposto, nas avaliacións preceptivas: avaliación inicial, nas avaliacións ordinarias do curso e na reunión da avaliación extraordinaria e nas reunións que convoque a xefatura de estudos co profesorado dun/dunha alumno/a ou grupo determinado co obxectivo de establecer criterios e pautas de actuación respecto ás necesidades educativas dese alumnado para tomar, se fose o caso, decisións sobre medidas de atención.

Nas actas das reunións mensuais de cada titoría quedará reflectido un punto adicado ao seguimento do alumnado NEAE. E, por suposto, nas reunións mensuais do DIOP haberá un espazo para reflexionar sobre a idoneidade do plan ou posibles modificacións de mellora.

-Avaliación final: a xefa do DIOP realizará a memoria final do curso incluíndo a valoración global das medidas de atención á diversidade aplicadas e os seus resultados así como propostas de mellora.

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN para determinar a calidade do plan, que teremos en conta serán, entre outros, os seguintes:

- Coherencia do plan coas necesidades do centro.
- Tasa de abandono/promoción alumnado NEAE
- Tasa de abandono/promoción alumnado FP Básica
- Grao de implicación e cooperación das persoas responsables no desenvolvemento do plan.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A variedade e innovación de actividades propostas.
- A eficacia metodolóxica. A adecuación da temporalización.
- A adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais.
- A implicación e o nivel de colaboración e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- A satisfacción das familias, profesorado e o alumnado.

Ao final de curso, realizarase unha **memoria** na que se recollerán, os seguintes aspectos:

1. Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e cambio, se procede, na realidade educativa.
2. Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan, así coma a implicación e participación das diferentes persoas profesionais que colaboren neste.
3. Conclusións e propostas concretas de mellora.

A memoria será redactada pola xefa do DIOP e incorporarse á memoria anual do centro.

En Vilagarcía de Arousa, setembro 2024

Asdo: Laura Rodríguez Díaz

Xefa DIOP